

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

ANUNCIO do 29 de xaneiro de 2025, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, polo que se fai público o informe de impacto ambiental do proxecto de autorización comercial autonómica para a implantación do establecemento comercial colectivo do parque comercial Freixeiro-Deiro, no concello de Vilanova de Arousa (Pontevedra) (expediente 2024/0045).

De conformidade co artigo 47 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise público o informe de impacto ambiental do 29 de xaneiro de 2025 do proxecto de autorización comercial autonómica para a implantación do establecemento comercial colectivo do parque comercial Freixeiro-Deiro, no concello de Vilanova de Arousa (Pontevedra), promovido por Desenvollos Vilanova, S.L.

Este informe poderase consultar na seguinte ligazón: <https://cmatv.xunta.gal/resolucions-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro, s/n, planta baixa).

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2025

María José Echevarría Moreno
Directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

CVE-DOG: hobe8ur4-7fz4-6yg0-5gs6-h7vmdeukrmx1

